



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

28 de Abril **DÍA INTERNACIONAL DA SAÚDE LABORAL**

Un ano máis as Institución visitan o noso Centro para celebrar o día Internacional da Saúde Laboral, data declarada pola OIT no ano 1996.

Para a **C.I.G.** o participar neste acto debe estar condicionado ó balance do exercicio dos 12 meses anteriores.

Durante este ano, e apesares dos nosos grandes esforzos por mellorar aquelas condicións que implican risco para a saúde dos traballadores/as, non podemos concluír cun resultado positivo.

Máis alá dos accidentes físicos que ocorreron e que deben ser un obxectivo a súa erradicación, e máis alá do gran avance que en materia de imaxe e cartelería que se fixo, están aquelas outras consecuencias que en silencio veñen danando a saúde das persoas como son :

CONDICIÓN DE TRABALLO:

- a escasa aplicación da Ergonomía na planificación dos postos.
- a non adaptación de postos para o persoal limitado.
- as grandes dificultades para recoñecer os accidentes laborais e enfermidades profesionais.

PSICOSOCIAIS:

- a sobre carga de moitos repartos, xerando unha impotencia ante o traballo
- a falla de criterios a hora de afrontar cambios de taller, sen reparar no dano psicolóxico das persoas.
- a falla de sensibilidade para con aquelas persoas que piden por conciliación simplemente concertar con outro compañeiro o poder estar nunha quenda .

Estas razóns fan que a Sección Sindical da C.I.G., agradecendo a invitación que sen os fixo, teña que diclinar a súa asistencia.

Vigo 27 de abril de 2010

Asdo. Miguel Pérez González
Delegado de Prevención da C.I.G.